



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 9 DE OUTUBRO DE 2013.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as dez horas do día nove de outubro do ano dous mil trece, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida **polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas**, **contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:**

- **D. Miguel A. Español Otero**
- **D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez**
- **D^a. Teresa Vicente Baz**
- **D. Manuel Javier Crespo González**
- **D. Antonio Lomba Baz**

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M^a Carrasco Glez.-Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- ACORDOS

Vista a Resolución do 13 de setembro de 2013 pola que se aproba o Plan marco Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2013 - 2014, financiado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2007 - 2013, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o proxecto "Pavimentación da rúa Proba, Marouco e Netos"

Vista a Resolución do 13 de setembro de 2013 pola que se aproba o Plan marco Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2013 - 2014, financiado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2007 - 2013, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a participación do Concello da Guarda no Plan marco Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2013 - 2014.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



Vista a Resolución do 5 de setembro de 2013 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia para proxectos de aforro enerxético e fomento do uso das enerxías renovables promovidos polos concellos, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feadre) no marco do PDR de Galicia 2007 - 2013, e se anuncia a súa convocatoria para o periodo 2013/2014, a Xunta de Goberno Local acorda solicitar as axudas reguladas nestas bases para proxecto "Instalación Solar Térmica para os AQS no Campo de Fútbol da Sangriña" cun orzamento de execución de 31.695,95 (Ive engadido).

Dase conta dos escritos R.E. nº 5.391, 5.392, 5.393 e 5.394 de data 4 de outubro de 2013, remitido por XULGADO DE 1ª INSTANCIA E INSTRUCCIÓN Nº 1 DE TUI, comunicando cédula de citación no expediente de dominio/inmatriculación 274/2013.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dáse conta das cotas que deben pagar os usuarios do servizo de Axuda a domicilio correspondentes o mes de setembro de 2013 cuido importe total ascende a cantidade de 829,22 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar ditas cotas e dar traslado á tesourería.

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de SETEMBRO DE 2013 que ascenden á cantidade de 1.420,96 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.

Lese o escrito RE 5.310 de data 1 de outubro de 2013, presentado conxuntamente polas direccións dos CEIP: As Solanas, Manuel Rodríguez Sinde e A Sangriña, e solicitando autorización para o uso da Piscina Cuberta Municipal durante os meses de marzo, abril e maio de 2014, nos horarios que se detallan e para os cursos de quinto e sexto de primaria.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



Lese o escrito RE 4.980 de data 16 de setembro de 2013, presentado por D^a. C. A. S. en representación de D. R.V.M., con enderezo na Rúa da Roda, nº 57 da Guarda, solicitando a bonificación nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa Roda, nº 57.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda denegar a súa solicitude posto que os ingresos obtidos da declaración da renda da unidade familiar superan, en cómputo anual, o salario mínimo interprofesional.

Lese o escrito RE 5.320 de data 2 de outubro de 2013, presentado polo COLEXIO PP. SOMASCOS DA GUARDA, solicitando a colaboración do Concello para a realización dunhas charlas dentro do programa "O teu Concello".

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 5.354 de data 3 de outubro de 2013, presentado polo IES A SANGRIÑA, solicitando autorización para usar a piscina cuberta municipal durante todo o primeiro trimestre lectivo para o alumnado de 1^o de bacharelato nos horarios establecidos no corpo do escrito.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

Dse conta do escrito RE 5.260 de data 30 de setembro de 2013, presentado por ANA NAYA GARCIA, S.L. no que comunican a nova organización da Escola Infantil da Guarda.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 4.123 de data 26 de xullo de 2013, presentado por DNA. ANA BELEN BAZ GONZÁLEZ, con enderezo na rúa 2^a Transv. Coruto Vello, nº 20 da Guarda, solicitando a revisión do contador de consumo de auga municipal da súa vivenda por lectura excesiva.



CONCELLO
A GUARDA

(PONTEVEDRA)



A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda dar traslado á xestión tributaria para que anule o recibo anterior e emita un novo para o 3º trimestre de 2012 pola media ponderada de consumo.

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 9 de outubro de 2013 comunicando o decreto dictado pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o 23 de setembro de 2013, no recurso de apelación nº 7043/13 interposto polo Concello da Guarda contra o auto ditado o 3 de decembro de 2012 polo Xulgado do Contencioso - Administrativo nº 3 de Pontevedra na peza separada de execución de sentenza nº 38/08 dimanante dos autos do recurso contencioso - administrativo nº 105/02 entablado pola Xunta de Galicia contra o decreto 258/02 do Alcalde da Guarda e contra o acordo da Comisión de Goberno de A Guarda polo que se concedeu licenza de obras para unha vivenda unifamiliar a Dna. Elvira Castro Rodríguez.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido do auto de 23 de setembro de 2013 que se comunica e acorda ordenar o pago á Xunta de Galicia do importe de 275 euros dando traslado deste acordo ós departamentos de Tesoureira de Intevención para a súa contabilización e pago, o cual deberá efectuarse na conta sinalada no mesmo, pero constando a mesma de 16 díxitos polo que deberá facerse unha xestión polo departamento de intervención ante a Sala do Tribunal para conseguir os 20 díxitos da conta.

PUNTO 2.- OBRAS MENORES

Asiste o funcionario do Concello D. Jose M^a Álvarez Álvarez

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do técnico municipal, co orzamento fixado por este e conforme ó que xa foron ingresados nas arcas do Concello os correspondentes impostos e taxas locais, pola unanimidade dos presentes, e sen prexuízo de terceiros, acordou acceder á realización da obra que se sinala, non podendo iniciarse as obras ata que o técnico municipal as inspeccione previamente, debendo avisa-lo solicitante ó Concello con antelación suficiente.

A D^a. MARÍA ADELINA GÓMEZ MARTÍNEZ, R.E. Nº. 5.258 DE DATA 30 DE SETEMBRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE JOSÉ MARÍA SESTO Nº. 56 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA INSTALACIÓN DUNHA BARBOCA PREFABRICADA CUNHAS MEDIDAS DE 1,20 MTS. X 0,90 MTS. NUNHA EDIFICACIÓN AUXILIAR EXISTENTE, NA FINCA DA SÚA PROPIEDAD SITA NA RÚA DE JOSÉ MARÍA SESTO Nº. 56, EN SOLO NON URBANIZABLE



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



**DE NÚCLEO RURAL DE “A GÁNDARA” DA PARROQUIA DE SALCIDOS
(ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).**

A D^a. ANA LIDIA GONZÁLEZ FRANCO, R.E. Nº. 5.104 DE DATA 19 DE SETEMBRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE JULIAN LOPEZ Nº. 5-2º DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REPARAR FILTRACIÓNS NA TERRAZA NUNHA SUPERFICIE DE 17,00 M²., REALIZANDO UNHA NOVA IMPERMEABILIZACIÓN E SOLADO DE PLAQUETA, DO EDIFICIO SITO NA RÚA DE JULIÁN LÓPEZ Nº. 5-2º, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

A CONSTRUCCIONES FOZ DO MIÑO, S.L., R.E. Nº. 5.131 DE DATA 20 DE SETEMBRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA BRUEIRA Nº. 14 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 130,00 M²., CONSISTENTE EN RETIRAR A TELLA VELLA, COLOCACIÓN DE PLANCHAS DE FIBROCEMENTO, TELLA NOVA DO PAIS E REPARACIÓN E SANEADO DOS BAIXANTES, DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE GALICIA Nº. 2, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

A D. CLEMENTE GONZÁLEZ BAQUERO, R.E. Nº. 5.213 DE DATA 26 DE SETEMBRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE O PORTO Nº. 18 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 18,00 M²., CONSISTENTE EN REPASAR E SUBSTITUIR AS MADEIRAS E TELLAS EN MAL ESTADO, MANTENDO A ESTRUCTURA ACTUAL DE MADEIRA ASI COMO OS FALDÓNS, DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE O PORTO Nº. 18, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).


A D^a. MARÍA MERCEDES PÉREZ ALONSO, R.E. Nº. 5.292 DE DATA 1 DE OUTUBRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE MALTESES Nº. 61 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA SUBSTITUIR CARPINTERIA EXTERIOR POR UNHA NOVA DE PVC DE COR CASTAÑO COA FINALIDADE DE MELLORAR A EFICIENCIA ENERXÉTICA, DO EDIFICIO SITO NA RÚA DE MALTESES Nº. 61, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 5 DO P.X.O.U.).

A D. JOSÉ LUIS CADILLA DOMÍNGUEZ, R.E. Nº. 4.992 DE DATA 16 DE SETEMBRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE COUTO Nº. 31 DE A GUARDA-C.P. 36788, PARA APERTURA DE OCO PARA INSTALACIÓN DUN PORTAL, SITO NA RÚA DE COUTO Nº. 31, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “CAMPOSANCOS” (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



Neste momento abandona a sesión ó Sr. Domínguez Freitas e pasa a presidir o Sr. Español Otero.

A D. JOSÉ MANUEL DOMÍNGUEZ FREITAS, R.E. Nº. 5.008 DE DATA 17 DE SETEMBRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE COUTO Nº. 10 DE A GUARDA-C.P. 36788, PARA PECHE DE PARCELA CONTRA LINDEIRO NUNHA LONXITUDE DE 9,00 MTS. E UNHA ALTURA DE 1,80 MTS. REALIZADO CON BLOQUES DE CEMENTO DE 40X20X12, NA FINCA DA SÚA PROPIEDAD SITA NA RÚA DE COUTO Nº. 10, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CAMPOSANCOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

Reincorpórase a sesión o Sr. Domiguez Freitas que pasa a presidila.

A D. AQUILINO MARTÍNEZ NUÑEZ, R.E. Nº. 5.265 DE DATA 30 DE SETEMBRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE TELLEIRO-REBORDANES Nº. 10 DE TUI-C.P. 36712, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 100,00 M². CONSISTENTE EN DESMONTAR A TELLA PLANA EXISTENTE, REPARAR ARMADURA ACTUAL SUBSTITUINDO PUNTÓNS E BARROTILLOS DE MADEIRA EN MAL ESTADO POR OUTROS NOVOS DE SIMILARES CARACTERÍSTICAS E COLOCAR TELLA MIXTA BERMELLA, NA EDIFICACIÓN PROPIEDAD DE D^a. ROSINA ÁLVAREZ SALIDO, SITA NA RÚA DE OUTEIRO Nº. 24, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CAMPOSANCOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

A CONSTRUCCIONES I E J LIMA, S.L., R.E. Nº. 4.976 DE DATA 13 DE SETEMBRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CARRETERA DE SAN ROQUE Nº. 2 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA REPARAR A CUBERTA CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA EXISTENTE DEIXANDO OS FALDÓNS DE FIBROCEMENTO, FORMACIÓN DE NOVAS LIMAS E CUMIOS NUNHA SUPERFICIE DE 425,00 M²., LEVANTADO DAS TERRAZAS E NOVA IMPERMEABILIZACIÓN, RECRECIDO DE MORTERO E COLOCACIÓN DE PLAQUETA NUNHA SUPERFICIE DE 42,95 M²., E REPARACIÓN DE GRETAS EN FACHADA, DESCUBRIR ARMADURAS CON APLICACIÓN DE PASIVADOR, RELLENO DE MORTERO E FROTASADO NUNHA SUPERFICIE DE 115 MTS. LINEAIS, DO EDIFICIO SITO NA RÚA DE CONCEPCIÓN ARENAL Nº. 2 ESQUINA PRAZA DE SAN BENITO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).



CONCELLO
A GUARDA

(PONTEVEDRA)



PUNTO 3.- PRORROGA DE OBRAS

Leses o escrito RE 5.039 de data 18 de setembro de 2013, presentado por D^a. ANA ALVAREZ PRIEGO, con enderezo na rúa de Julian López, nº 11-2º da Guarda, solicitando prórroga de obras para a licenza 29/2013.

A Xunta de Goberno Local acorda concederlle a prórroga de obra á licenza 29/2013 por dezaioito meses.

Leses o escrito RE 5.294 de data 1 de outubro de 2013, presentado por D. ALEJANDRO LOMBA SOUTO, con enderezo na rúa de José Maria Sesto, nº 12 da Guarda, solicitando prórroga de obras para a licenza 40/2013.

A Xunta de Goberno Local acorda concederlle a prórroga de obra á licenza 40/2013 por dezaioito meses.

PUNTO 4.- LICENCIA DE APERTURA

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servizos Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licenza municipal promovida por TAPERÍA ARRUAZ, C.B. (RE 3.154 de 12/06/2013) para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR DE XELADOS (EPIG. 644.4) situado na rúa do Porto, s/n.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a TAPERÍA ARRUAZ licenza municipal nº 24/2013 para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR DE XELADOS (Epiq. 644.4) situado na rúa do Porto, s/n.

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servizos Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licenza municipal promovida por M^a ELENA CADILLA DOMINGUEZ (RE 4.533 de 19/08/2013) para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR DE CALZADOS E COMPLEMENTOS PEL (EPIG. 651.6) situado na rúa de Brasilino Álvarez, nº 3-baixo.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, ACORDA:

Conceder a M^a ELENA CADILLA DOMINGUEZ licenza municipal nº 25/2013 para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR DE CALZADOS E COMPLEMENTOS DE PEL (Epíg. 651.6) situado na rúa de Brasilino Alvarez, nº 3-baixo.

Sendo as once horas do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.